

Mikel Laboa, unha viaxe sen retorno ao fondo da música

Máis de trinta anos cantando en euskera

"¡Un áspero berro
rachou na tua ventá e ti...
sen facer caso!
Sen coñecer máis nada e ti...
sen amolarte!".

■ XOAN M. ESTÉVEZ

Cando nos anos 70 (e aínda hoxe en día) cantar en euskera viña sendo toda una atitude política Mikel Laboa supuña todo un revulsivo mesmo para o seu potencial público receptor pouco afeito a vangardas artísticas. Os conservadores de esquerdas adoitan a rexírense por parámetros semellantes aos seus homólogos de dereitas e non sempre entenden mensaxes codificadas en forma de fonemas, contrastes sonoros e distorsións instrumentais. Ademais, e sobretudo, está a voz; unhas cordas vocais capaces de transmitiren as máis insólitas sensacións.

Cando describe o histórico bombardeo de Gernika, Laboa non canta ao xeito panfletario da época senon que alerta á poboación nun prolongado alarido, cal serena que anticipa a traxedia imediata. O xenocidio dos "cherokees" nos Estados Unidos é cantado cun acompañamento de sons indíxenas. O seu sorprendente xogo de voz devén en mensaxe subversiva cando escoitamos "Orreaga" ("Roncesvalles") incluída no seu disco "Lekeitio 5" que ven sendo unha sucesión de mensaxes, a xeito de "sketch", no que se perciben os máis diversos contidos, non sempre musicais, coa mesma "Paixón segundo S. Mateo" de J.S. Bach como fondo no seu remate.

Parelo a este repertorio de "canción experimental" Mikel Laboa tén desenvolvido ao longo dos seus trinta anos de vida artística outras facianas claramente diferenciadas desta. Como investigador que foi



da música popular é intérprete dun abondoso repertorio de "canción tradicional" así como de poemas actuais de autores tan distantes xeograficamente como o inevitábel Gabriel Aresti, Brech ou Salvador Espriu. No abano tradicional ademais de tema populares, inclúe outros nos que participa un instrumento tan característico daquela terras como é a txalaparta, así como unha formación instrumental igualmente representativa, a "trikitixa", que mesmo dá título a unha composición do seu repertorio.

"Ez dok amairu"

"Se fose licito fuxir
se houbese paz nalgun lugar
non sería o amante
das flores que linda a casa".

Os versos do seu compañeiro

Xabier Lete, que Laboa grabou no seu LP "6" serven para situármolos no tempo que viu sementar os alicerces dun sólido movemento sócio-político denominado "Ez Dok Amairu" ("Non hai trece"). A carón de cantautores coma Lete Laboa ou Benito Lertxundi, unha morea de pintores e poetas convivían cóbado con cóbado na procura dunha normalización na vida social e cultural que hoxe en día no musical é unha brillante realidade naquel País. Os primeiros xérmolos que en Barcelona agromaron con "El Steze Jutges" e máis tarde entre nós con "Voces Ceibes" deron en M. Laboa un auténtico precursor. Daquela venlle a sua amizade con Lluís Llach inda actualmente vivente, con quen compartiu recitais tanto en Euskadi como en Catalunya, situándonos a finais da década dos 70. Sen embargo con

anterioridade (comezo dos 60), xa actuara idallamente, estreándose nos seus comezos en teatro en Iruña e máis Zaragoza. Unha vez disoltos "Ez Dok Amairu" participa cos irmáns Arce na montaxe do espectáculo "Ikimilikiliklik".

No ano 64, cando se edita o seu primeiro disco aínda estaba por comercializar masivamente o formato LP, e así, durante varios anos, as súas cancións eran editadas en grabacións EP. O responsable era o selo "Giztiri" de Baiona, en Euskadi Norte e cuxas terras Laboa déu frecuentes recitais. Máis tarde, diversas editoras de Euskadi Sur serviron de divulgación ás gravacións do intérprete: "Herri-Gogoa", "Xoxoa", e actualmente "Elkar", que abranxe a case totalidade da edición musical do País Basco. Un total de seis LPs, varios deles dobres, conforman a meirande parte da súa produción, sendo característica habitual a de estaren titulados por orde numérica. Especialmente significativo resulta "Lekeitioak", disco recopilación, editado en 1989, que contén unha escolma de varios anteriores, nos que a vila de Lekeitio serve de título comun a todos eles.

Bautizo artístico nada gratuito xa que nun caserío de Lekeitio perto da mítica Gernika atopou cobixo Laboa coa súa familia. Aquelas vivencias infantís marcaron e serviron de base a esta considerábel parte das súas composicións, que máis que súas propias, viñan sendo dos pescadores, en plena faena, que formaban parte daquel "habitat". Curiosamente esta linguaxe primitiva é convertida polo creador en vangarda artística ou como quedou definido: "canción experimental".

Laboa hoxe.

"Enfriouseme o sangue
enfebeleceu o corpo
e endurecido o corazón.
Se todavía fose xove
conservaría a ilusión".

Aos seus cincuenta e seis anos de idade, lonxe da súa decadencia, M. Laboa converteuse, máis que nun precursor, nun auténtico patriarca, como proba o feito de que unha morea de grupos "rock" se xuntaran o pasado ano nun disco, que grabaron versións "sui-generis" de cancións suas. O feito non é novo no contexto internacional que

as novas xeracións convirten aos seus devanceiros en clásicos pero resulta pouco frecuente na Península Ibérica. Eis a vivencia dun auténtico criador que non precisa das declaracións dunha Tracy Chapman para convencernos da súa categoría como tal aconteceu recentemente. E a permanencia de alguén que, xa hai case vinte anos, se adiantou tanto na procura de novas formas de expresión, que mesmo hoxe en día, unicamente o seu último disco ("12"- "Ham-abi") pode servir de exemplo esteticamente rupturista.

Ninguén pode agardar de M. Laboa un brillante guitarrista máis ben un rudimentario intérprete neste particular; pero en cambio esta técnica primaria correspóndese coa premeditada linguaxe do berro e suspiro; elementos de seu característicos dunha parte do repertorio; componentes baseados no seu contido que devén alternativo da linguaxe expresada convencionalmente a medio da palabra que "chega tan caótica e contaminada do mundo que a criou que perdeu a súa forza e esencia", tal como escribe J.A. Artze na contraportada do "Lekeitioak". Palabras que en cambio Laboa recolle doutros poetas, sendo o premio Bernardo Atxaga autor frecuente nas súas cancións.

No noso País aínda perdura na memoria dalguns afeizoados a participación de M. Laboa no Festival "Galeuska" celebrado na Coruña no verán de 1977, xunto a Miro Casabella e Rafael Subirachs. Actualmente o seu espectáculo conforma ademais do propio intérprete, Iñaki Salvador aos teclados, Eduardo Salvador á guitarra eléctrica e flauta e o dúo Jesus Arce-Andoni Aleman á txalaparta.

Participar da súa arte pode resultar unha tortura para oídos domésticos pero sen dúbida resultará un reconfortante desafío para quen busque na música unha viaxe sen retorno. Mikel Laboa como profesional da psiquiatría que foi, saberá sulagarse no noso sub-consciente desinibírnos das pantasma que o poboan.

Obviamente como calquer pequeno ou grande xénio o seu rol artístico resulta difícilmente encaillabel. Xa que logo o de cantautor vén resultándolle un calificativo limitado. ♦